- Ser receptivo para atender adecuadamente as ordes e suxestións que reciba.
- Posuír un carácter amable e extravertido que lle permita relacionarse e interactuar sen tensións cos usuarios do couto.
- Dinamismo e axilidade ante todo tipo de circunstancias tanto negativas como positivas.
- Paciencia e serenidade para buscar, tratar e solucionar todas aquelas tarefas relacionadas coas actividades que se leven a cabo no couto.
- Utilizar a ferramenta estritamente para a función que está deseñada.
- Levar a cabo observacións directas no campo.
- Atención e concreción para seguir as indicacións na sinalización.
- Coidado e tranquilidade para colaborar en soltas e repoboacións.
- Adecuación óptima para traballar cos seus superiores e demais operarios.
- Potencialidade para adquirir certo grao de autonomía no desenvolvemento das súas tarefas.
- Axilidade no desempeño das súas tarefas.
- Interese para actualizarse en novas técnicas ou formas de facer e implicarse no couto.
- Minuciosidade para observar e detectar anomalías no couto.
- Interese polo traballo e por coñecer as normas e circunstancias específicas do terreo acoutado.
- Interese por adquirir coñecementos básicos de todo o que ocorre no couto.
- Seriedade profesional para levar a cabo as tarefas que se lle indiquen.
- Precisión e calma para as habilidades manuais e manipulación de especies.
- Interese por integrarse no organigrama persoal do couto.
- Curiosidade por coñecer o contexto dos labores que realiza.
- Axustarse ás especificacións do fabricante á hora de manexar produtos, respectar cantidades...
- Aplicar as recomendacións medioambientalmente beneficiosas que afectan ás operacións que se realizan.
- Respectar o contorno natural durante a execución dos traballos.
- Cumprir a normativa ambiental vixente que afecta ao desenvolvemento destes traballos.

CONTIDOS FORMATIVOS

- **Ocupación**
  Traballador forestal.
- **Actividade**
  Silvicultura, silvipascicultura,defensa contra incendios, caza, pesca e aproveitamento de resina.

UNIDADE DE COMPETENCIA	11	Preparar as parcelas e realizar os labores de resinación.
REALIZACIÓN PROFESIONAL	11.1	Rozar.
	11.2	Reunir e amorear os restos de roza.
	11.3	Delimitar as parcelas.
	11.4	Seleccionar as árbores máis favorables para o seu sangrado.
	11.5	Realizar a cara limpa de traballo.
	11.6	Realizar a pica.
	11.7	Aplicar ácido sulfúrico rebaixado ou pasta para facilitar o sangrado.
	11.8	Fixar a grampa ou media lúa.
	11.9	Colocar o bote de resina.
	11.10	Remasar.

SABER

- Coñecer o manexo das ferramentas manuais máis comúns: pa, angazo...
- Coñecer o manexo da ferramenta universal.
- Coñecer as características do piñeiro resineiro.
- Coñecer as ferramentas usadas para realizar o traballo.
- Coñecer o equipo de seguridade que empregan.
- Identificar sobre o terreo a zona indicada.
- Identificar diferentes tipos de especies vexetais.
- Coñecer as diferentes técnicas de resinación empregadas.
- Coñecer o material de aplicación de resinación.
- Coñecer as ferramentas e útiles usados para realizar o sangrado.
- Identificar ferramentas defectuosas ou que poidan producirlle danos á árbore.
- Coñecer as características de mantemento e limpeza das ferramentas.
- Coñecer o EPI indicado na realización das operacións.
- Coñecer o estado e a colocación adecuados dos compoñentes do EPI.
- Coñecer a normativa de PRL.
- Coñecer a normativa ambiental existente.
- Coñecer as implicacións medioambientais do uso dos produtos necesarios para a realización das operacións (combustible, aceite...).
- Coñecer o método de xestión dos residuos obtidos das operacións.

SABER FACER

- Colocar correctamente o EPI antes de comezar os traballos.
- Manexar as ferramentas manuais (pa, angazo) de forma segura e adecuada.
- Observar as medidas de seguridade que deben terse en conta en cada momento.
- Realizar traballos de afiado nos útiles.
- Manexar con coidado as substancias estimulantes resinadoras.
- Identificar visualmente os puntos de aplicación da pasta.
- Aplicar o produto de modo limpo e eficaz.

- Protexer a parte onde non se realiza o sangrado dos individuos vexetais.
- Respectar o contorno natural durante a execución dos traballos.
- Manexar a ferramenta universal de forma segura e adecuada.
- Manexar adecuadamente os produtos utilizados (combustibles e aceites...).
- Xestionar os residuos obtidos da realización das operacións.

SABER ESTAR E ACTUAR

- Aplicar a normativa de PRL ás operacións que realiza.
- Observar e prestarlle a atención necesaria ao desenvolvemento da operación que se leva a cabo para realizar posibles correccións.
- Respectar as instrucións de realización das operacións.
- Realizar as operacións co grao de calidade óptimo.
- Ser receptivo para atender adecuadamente as ordes e suxestións que reciba.
- Dinamismo e axilidade ante todo tipo de circunstancias tanto negativas como positivas.
- Utilizar a ferramenta estritamente para a función que está deseñada.
- Adecuación óptima para traballar cos seus superiores e demais operarios.
- Potencialidade para adquirir certo grao de autonomía no desenvolvemento das súas tarefas.
- Axilidade no desempeño das súas tarefas.
- Seriedade profesional para levar a cabo as tarefas que se lle indiquen.
- Axustarse ás especificacións do fabricante á hora de manexar produtos, respectar cantidades...
- Aplicar as recomendacións medioambientalmente beneficiosas que afectan ás operacións que se realizan.
- Respectar o contorno natural durante a execución dos traballos.
- Cumprir a normativa ambiental vixente que afecta ao desenvolvemento destes traballos.

CONTIDOS FORMATIVOS

- **Ocupación**
  Traballador forestal.
- **Actividade**
  Silvicultura, silvipascicultura, defensa contra incendios, caza, pesca e aproveitamento de resina.

UNIDADE DE COMPETENCIA	12	Coñecer o manexo e preservar o estado correcto da maquinaria e dos seus instrumentos de traballo.
REALIZACIÓN PROFESIONAL	12.1	Coñecer as ferramentas manuais, a vestimenta e a maquinaria lixeira usada na realización de todas os seus labores.
	12.2	Manexar as ferramentas e a maquinaria lixeira.
	12.3	Limpar as ferramentas e a vestimenta e mantelas organizadas.
	12.4	Conservar as ferramentas manuais de traballo.
	12.5	Coñecer o funcionamento do motor da motorrozadora, motoaburatadora e motoserra.
	12.6	Limpar o carburador.

12.7	Manter correctamente as buxías.
12.8	Identificar e substituír o embrague.
12.9	Substituír e afiar a barrena.
12.10	Manter correctamente os elementos de seguridade da motorrozadora, motoaburatadora e motoserra.
12.11	Afiar as coitelas de corte da motorrozadora.
12.12	Axustar e realizar coidados aos elementos de corte da motoserra.
12.13	Operar con combustibles e aceites.

SABER

- Coñecer o método de limpeza das ferramentas.
- Coñecer os produtos de limpeza utilizados.
- Coñecer os instrumentos que se utilizan para o afiado de cada tipo de ferramenta.
- Coñecer o manexo da ferramenta e a maquinaria lixeira.
- Coñecer as reparacións máis habituais das ferramentas (substituír mangos...).
- Coñecer a situación adecuada das ferramentas e a maquinaria lixeira no seu lugar de almacenamento.
- Coñecer os calendarios de mantemento da maquinaria.
- Coñecer a colocación segura e a técnica de afiado das ferramentas.
- Coñecer os principios de funcionamento do motor de dous tempos.
- Coñecer as partes que compoñen un motor.
- Coñecer que función realiza cada unha das partes do motor.
- Coñecer a estrutura dun carburador.
- Coñecer a técnica de montaxe e desmontaxe dun carburador.
- Coñecer os produtos e o método de limpeza do carburador.
- Coñecer a montaxe e desmontaxe das buxías.
- Coñecer a técnica de limpeza de buxías e de substitución dunha buxía.
- Coñecer os fallos habituais do embrague.
- Coñecer a posición e a montaxe e desmontaxe do embrague.
- Coñecer os elementos de seguridade da motorrozadora e o seu funcionamento.
- Coñecer os elementos de seguridade da motoserra e o seu funcionamento.
- Coñecer o estado adecuado dos elementos de seguridade.
- Coñecer a montaxe e desmontaxe das coitelas de corte da motorrozadora.
- Coñecer os utensilios e o método de afiado das coitelas.
- Coñecer os utensilios e o método de afiado dos dentes da cadea da motoserra.
- Coñecer o estado adecuado dunha barrena.
- Coñecer a técnica de afiado e de substitución dunha barrena.
- Coñecer o manexo de aceites, combustibles...
- Coñecer as proporcións da mestura.
- Coñecer o calendario de engraxamento de elementos.
- Coñecer os produtos e a técnica de engraxamento dos elementos sometidos a fricción.
- Coñecer o método de xestión dos residuos obtidos das operacións.
- Coñecer o EPI indicado na realización das operacións.
- Coñecer o estado e a colocación adecuados dos compoñentes do EPI.
- Coñecer a normativa de PRL.
- Coñecer a normativa ambiental existente.

SABER FACER

- Colocar correctamente o EPI antes de comezar os traballos.

- Limpar e gardar correctamente as ferramentas manuais.
- Afiar e facer reparacións básicas (substitución de mangos...) das ferramentas manuais atendendo os criterios de seguridade.
- Organizar as ferramentas no lugar de almacén asignándolle a cada unha un lugar e acondicionando andeis colgadores para mantelas ordenadas.
- Marcar as ferramentas para distinguilas no terreo.
- Aplicar anticorrosivos.
- Comprender o funcionamento do motor de dous tempos.
- Identificar visualmente as partes do motor.
- Montar e desmontar o carburador.
- Limpar o carburador.
- Manexar adecuadamente os produtos de limpeza do carburador.
- Montar e desmontar as buxías.
- Limpar e substituír as buxías.
- Detectar fallos no sistema de embrague.
- Montar e desmontar o embrague.
- Identificar visualmente os elementos de seguridade da motorrozadora.
- Detectar o funcionamento anómalo ou o non funcionamento dos elementos de seguridade.
- Montar e desmontar as coitelas da motorrozadora de forma segura.
- Afiar as coitelas de forma segura para evitar accidentes.
- Manexar a ferramenta universal e a específica de afiado atendendo os criterios de seguridade.
- Manexar a motoserra.
- Afiar a motoserra.
- Identificar a aptitude dunha barrena.
- Afiar e cambiar a barrena de forma segura.
- Manexar aceites e combustibles adecuadamente.
- Realizar a mestura para o motor nas proporcións establecidas.
- Realizar engraxamentos de elementos.
- Xestionar adecuadamente todos os residuos obtidos da realización das operacións de mantemento.

SABER ESTAR E ACTUAR

- Aplicar a normativa de PRL ás operacións que realiza.
- Observar e prestarlle a atención necesaria ao desenvolvemento da operación que se leva a cabo para realizar posibles correccións e evitar accidentes.
- Respectar as instrucións de realización das operacións.
- Manter unha orde e unha organización das ferramentas, maquinarias...
- Respectar as especificacións do fabricante.
- Realizar as operacións co grao de calidade óptimo.
- Utilizar os utensilios estritamente para a función que están deseñados.
- Aplicar as recomendacións medioambientalmente beneficiosas que afectan ás operacións que se realizan.
- Respectar o contorno natural durante a execución dos traballos.
- Cumprir a normativa ambiental vixente que afecta ao desenvolvemento destes traballos.
- Manter unha relación de comunicación co resto do equipo de traballo para evitar accidentes.
- Traballar en equipo de forma coordinada co resto dos traballadores e co seu responsable.

PROGRAMA FORMATIVO

OCUPACIÓN | Traballador forestal

UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Preparar o terreo para a reforestación e realizar a plantación ou a sementeira.

CURSO		TIPO DE CURSO	DURACIÓN
1	Acondicionamento do terreo para a reforestación, plantación e sementeira.	Específico	50 horas
	MÓDULOS	**R P**	**TIPO**
	Labores de preparación do terreo.	1.1-1.3 ,2.5	Transversal
	Técnicas de plantación, sementeira e transplante.	1.4-1.6	Específico

UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Aplicar coidados culturais á masa forestal.

CURSO		TIPO DE CURSO	DURACIÓN
2	Coidados culturais das masas.	Específico	90 horas
	MÓDULOS	**R P**	**TIPO**
	Sensibilización ambiental co contorno natural.	2.1	Específico
	Dispositivos protectores, fertilización e reposición de faltas nas plantacións.	2.2-2.4	Específico
	Desmestados e podas.	2.6, 2.7	Específico

CURSO		TIPO DE CURSO	DURACIÓN
3	Sanidade forestal.	Específico	140 horas
	MÓDULOS	**R P**	**TIPO**
	Pragas e enfermidades forestais.	2.8, 2.9	Específico
	Produtos fitosanitarios e a súa aplicación.	2.11-2.13	Específico
	Ferramentas e maquinaria de aplicación; manexo e conservación.	2.12, 2.13	Específico
	Prevención de riscos laborais e xestión de residuos aplicadas ao manexo de produtos fitosanitarios.	2.11-2.13	Específico

UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Facer medicións da masa arbórea.

CURSO		TIPO DE CURSO	DURACIÓN
4	Obtención de datos da masa forestal.	Específico	40 horas
	MÓDULOS	**R P**	**TIPO**
	Técnicas de mostraxe.	3.1	Específico
	Estimación de alturas e diámetros.	3.2, 3.3	Específico
	Medición de grosores de cortiza e extracción de barrenas.	3.4, 3.5	Específico

UNIDADE DE COMPETENCIA

4 Colaborar nas operacións de aproveitamento.

CURSO		TIPO DE CURSO	DURACIÓN
5	Colaboración nos aproveitamentos.	Específico	30 horas
	MÓDULOS	**R P**	**TIPO**
	Operacións auxiliares ao proceso de corta.	4.1, 4.2	Específico
	Descortizado de fustes e amoreamento de restos.	4.3, 4.4	Específico

Prevención de riscos laborais aplicada ás operacións auxiliares á corta, ao descortizado e amoreamento de restos.	4.1-4.4	Específico

UNIDADE DE COMPETENCIA

5 Realizar os labores de mantemento dos sistemas silvipastorais.

	CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
6	Sistemas silvipastorais.	Específico	100 horas
	MÓDULOS	R P	TIPO
	Funcionamento dos sistemas silvipastorais.	5.1-5.4	Específico
	Mantemento de infraestruturas.	5.1-5.3, 9.1, 9.2	Transversal
	Labor nos pasteiros.	5.4	Específico
	Manexo de tractor e apeiros.	5.4	Específico
	Mantemento básico do tractor e apeiros.	5.4	Específico
	Prevención de riscos laborais aplicada ao manexo e mantemento de tractor e apeiros.	5.4	Específico
	Xestión de residuos nos terreos silvipascícolas.	5.1-5.4	Específico

UNIDADE DE COMPETENCIA

6 Conservar as infraestruturas creadas no monte.

	CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
7	Mantemento de infraestruturas existentes nos montes.	Específico	50 horas
	MÓDULOS	R P	TIPO
	Conservación de pistas, viais, accesos, rotas de sendeirismo, indicadores e devasas.	6.1, 6.2, 6.5, 9.2	Transversal
	Operacións de conservación de puntos de auga.	6.3	Específico
	Mantemento de casetas de vixilancia.	6.4, 9.1	Transversal
	Xestión de residuos derivados da conservación de infraestruturas nos montes.	6.1-6.5	Específico

UNIDADE DE COMPETENCIA

7 Atacar o lume directa e indirectamente e manexar e manter as mangueiras.

	CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
8	Métodos de extinción.	Específico	60 horas
	MÓDULOS	R P	TIPO
	Ataque directo.	7.2-7.6	Específico
	Ataque indirecto.	7.7-7.9	Específico
	Tipos de mangueiras, a súa conservación e tendidos de mangueiras.	7.10-7.13	Específico
	A PRL nos incendios forestais.	7.1	Específico
	Primeiros auxilios nos incendios forestais.	7.1-7.13	Específico

UNIDADE DE COMPETENCIA

8 Actuar nunha brigada helitransportada e conducir o vehículo de transporte do retén.

	CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
9	Medios de transporte na extinción de incendios.	Específico	30 horas
	MÓDULOS	R P	TIPO
	Manexo e emprazamento do vehículo todoterreo.	8.2, 8.3, 10.3-10.6	Transversal
	Brigadas helitransportadas e manexo do helibalde.	8.4-8.7	Específico
	Prevención de riscos laborais aplicada ao uso de medios de transporte e de apoio á extinción nos incendios.	8.1-8.7	Específico

UNIDADE DE COMPETENCIA

9 Realizar labores de mantemento conservación e mellora do couto de caza e/ou pesca.

	CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
10	Instalacións nos terreos acoutados.	Específico	20 horas
	MÓDULOS	R P	TIPO
	Instalacións e espazos sensibles nos terreos acoutados.	9.3	Específico

	CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
11	Lexislación nos coutos de caza e/ou pesca.	Transversal (OC 9 e 10)	30 horas
	MÓDULOS	R P	TIPO
	Lexislación de caza e pesca nacional e autonómica.	10.2-10.7, 9.1-9.3	Transversal
	Xestión de residuos nos coutos de caza e pesca.	9.1-9.3, 10.5, 10.7	Transversal
	Prevención de riscos laborais nos coutos de caza e pesca.	9.1-9.3, 10.1-10.7	Transversal

UNIDADE DE COMPETENCIA

10 Auxiliar o garda do couto na execución das súas funcións e colaborar cos cazadores e os pescadores no exercicio das distintas modalidades de caza e/ou pesca.

	CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
12	Os animais nos coutos.	Específico	20 horas
	MÓDULOS	R P	TIPO
	Repoboacións.	10.2	Específico
	Coidados dos animais en liberdade e nas granxas.	10.1, 10.3	Específico

	CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
13	Planificación e atención ao cliente durante a xornada de caza e/ou pesca.	Específico	30 horas
	MÓDULOS	R P	TIPO
	Tarefas de apoio nas xornadas de caza e/ou pesca.	10.5-10.7	Específico
	Limpeza e despezamento de trofeos.	10.7	Específico
	Manexo e conservación de ferramentas de despezamento de carne.	10.7	Específico

UNIDADE DE COMPETENCIA

11 Preparar as parcelas e realizar os labores de resinación.

	CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
14	A resinación.	Específico	60 horas
	MÓDULOS	R P	TIPO
	Labores previos á resinación.	11.1-11.4	Específico
	A extracción da resina.	11.5-11.10	Específico
	Manexo e conservación das ferramentas de resinación.	11.5-11.10	Específico
	Prevención de riscos laborais aplicada ás operacións de resinación.	11.1-11.10	Específico
	Xestión de residuos derivados do proceso de resinación.	11.1-11.10	Específico

UNIDADE DE COMPETENCIA

12 Coñecer o manexo e preservar o estado correcto da maquinaria e dos seus instrumentos de traballo.

	CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
15	Manexo de maquinaria e ferramentas.	Ocupacional	60 horas

	MÓDULOS	R P	TIPO
	Manexo da motorrozadora, motoaburatadora e motoserra lixeira.	1.1, 1.3, 2.5-2.7, 5.3, 5.4, 6.1-6.5, 7.5, 7.7, 9.1-9.3, 11.1, 12.1, 12.2, 12.5	Transversal
	Manexo do extintor de mochila e as ferramentas de extinción de incendios.	7.1-7.9	Específico
	Manexo das ferramentas manuais de labor.	1.1-1.6, 2.2, 2.4, 2.5, 2.7, 2.10, 4.3, 5.3, 5.4, 6.1-6.5, 7.5-7.7, 9.1-9.3, 11.1, 12.2	Transversal
	Manexo da ferramenta universal e de bricolaxe.	2.11, 2.12 5.1-5.3, 6.3-6.5, 8.2, 9.1, 9.2, 10.1, 10.3, 12.2	Transversal

	CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
16	Mantemento da maquinaria.	Específico	40 horas
	MÓDULOS	R P	TIPO
	O funcionamento do motor de dous tempos.	12.5	Específico
	O mantemento da motoserra e os seus elementos de seguridade.	12.6-12.8, 12.10, 12.12	Específico
	O mantemento da motorrozadora e os seus elementos de seguridade.	12.6-12.8, 12.10, 12.11	Específico
	O mantemento da motoaburatadora e os seus elementos de seguridade.	12.5-12.10	Específico

	CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
17	Mantemento das ferramentas.	Específico	30 horas
	MÓDULOS	R P	TIPO
	Mantemento das ferramentas de labor e de extinción de incendios.	12.3, 12.4	Específico
	Mantemento das ferramentas universais e de bricolaxe.	12.3, 12.4	Específico

	CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
18	Prevención, medio ambiente e primeiros auxilios aplicados ao manexo e mantemento da maquinaria e as ferramentas.	Transversal	40 horas
	MÓDULOS	R P	TIPO
	Prevención de riscos laborais e a súa aplicación ao manexo e mantemento de maquinaria e ferramentas.	Todas	Ocupacional
	Primeiros auxilios aplicados ao manexo e mantemento da maquinaria e ferramentas.	Todas	Ocupacional
	Xestión de residuos derivados do manexo e mantemento da maquinaria e ferramentas.	12.3, 12.4, 12.13	Específico

ITINERARIO FORMATIVO MODULAR

- **LENDA**



UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Preparar o terreo para a reforestación e realizar a plantación ou a sementeira.



UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Aplicar coidados culturais á masa forestal.



UNIDADE DE COMPETENCIA 3

Facer medicións da masa arbórea.



UNIDADE DE COMPETENCIA 4

Colaborar nas operacións de aproveitamento.

UNIDADE DE COMPETENCIA 5

Realizar os labores de mantemento dos sistemas silvipastorais.



UNIDADE DE COMPETENCIA

6 Conservar as infraestruturas creadas no monte.



UNIDADE DE COMPETENCIA

7 Atacar o lume directa e indirectamente e manexar e manter as mangueiras.



UNIDADE DE COMPETENCIA

8 Actuar nunha brigada helitransportada e conducir o vehículo de transporte do retén.



UNIDADE DE COMPETENCIA

9 Realizar labores de mantemento, conservación e mellora do couto de caza e/ou pesca.



UNIDADE DE COMPETENCIA

10 Auxiliar o garda do couto na execución das súas funcións e colaborar cos cazadores e os pescadores no exercicio das distintas modalidades de caza e/ou pesca.

UNIDADE DE COMPETENCIA

11 Preparar as parcelas e realizar os labores de resinación.



UNIDADE DE COMPETENCIA

12 Coñecer o manexo e preservar o estado correcto da maquinaria e dos seus instrumentos de traballo.

UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Preparar o terreo para a reforestación e realizar a plantación ou a sementeira.

MÓDULOS

- ESPECÍFICOS
  - Técnicas de plantación, sementeira e transplante.
- TRANSVERSAIS
  - Labores de preparación do terreo.
- OCUPACIONAIS

UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Aplicar coidados culturais á masa forestal.

MÓDULOS

- ESPECÍFICOS
  - Sensibilización ambiental co contorno natural.
  - Dispositivos protectores, fertilización e reposición de faltas nas plantacións.
  - Desmestados e podas.
  - Pragas e enfermidades forestais.
  - Produtos fitosanitarios e a súa aplicación.
  - Ferramentas e maquinaria de aplicación; manexo e conservación.
  - Prevención de riscos laborais e xestión de residuos aplicadas ao manexo de produtos fitosanitarios.
- TRANSVERSAIS
- OCUPACIONAIS

UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Facer medicións da masa arbórea.

MÓDULOS

- ESPECÍFICOS
  - Técnicas de mostraxe.
  - Estimación de alturas e diámetros.
  - Medición de grosores de cortiza e extracción de barrenas.
- TRANSVERSAIS
- OCUPACIONAIS

UNIDADE DE COMPETENCIA

4 Colaborar nas operacións de aproveitamento.

MÓDULOS

- ESPECÍFICOS
  - Operacións auxiliares ao proceso de corta.
  - Descortizado de fustes e amoreamento de restos.
  - Prevención de riscos laborais aplicada ás operacións auxiliares á corta, ao descortizado e amoreamento de restos.
- TRANSVERSAIS
- OCUPACIONAIS

UNIDADE DE COMPETENCIA

5 Realizar labores de mantemento dos sistemas silvipastorais.

MÓDULOS

- ESPECÍFICOS
  - Funcionamento dos sistemas silvipastorais.
  - Labor nos pasteiros.

- Manexo de tractor e apeiros.
- Mantemento básico do tractor e apeiros.
- Prevención de riscos laborais aplicada ao manexo e mantemento de tractor e apeiros.
- Xestión de residuos nos terreos silvipascícolas.

• TRANSVERSAIS

- Mantemento de infraestruturas.

• OCUPACIONAIS

UNIDADE DE COMPETENCIA

6 Conservar as infraestruturas creadas no monte.

MÓDULOS

• ESPECÍFICOS

- Operacións de conservación de puntos de auga.
- Xestión de residuos derivados da conservación de infraestruturas nos montes.

• TRANSVERSAIS

- Conservación de pistas, viais, accesos, rotas de sendeirismo, indicadores e devasas.
- Mantemento de casetas de vixilancia.

• OCUPACIONAIS

UNIDADE DE COMPETENCIA

7 Atacar o lume directa e indirectamente e manexar e manter as mangueiras.

MÓDULOS

• ESPECÍFICOS

- Ataque directo.
- Ataque indirecto.
- Tipos de mangueiras, a súa conservación e tendidos de mangueiras.
- A PRL nos incendios forestais.
- Primeiros auxilios nos incendios forestais.

• TRANSVERSAIS

• OCUPACIONAIS

UNIDADE DE COMPETENCIA

8 Actuar nunha brigada helitransportada e conducir o vehículo de transporte do retén.

MÓDULOS

• ESPECÍFICOS

- Manexo e emprazamento do vehículo todoterreo.
- Brigadas helitransportadas e manexo do helibalde.
- PRL aplicada ao uso de medios de transporte e de apoio á extinción nos incendios.

• TRANSVERSAIS

• OCUPACIONAIS

UNIDADE DE COMPETENCIA

9 Realizar labores de mantemento, conservación e mellora do couto de caza e/ou pesca.

MÓDULOS

• ESPECÍFICOS

- Instalacións e espazos sensibles nos terreos acoutados.

• TRANSVERSAIS

- Xestión de residuos nos coutos de caza e pesca.
- Lexislación de caza e pesca nacional e autonómica.
- PRL nos coutos de caza e pesca.

• OCUPACIONAIS

UNIDADE DE COMPETENCIA

10 Auxiliar o garda do couto na execución das súas funcións e colaborar cos cazadores e os pescadores no exercicio das distintas modalidades de caza e/ou pesca.

MÓDULOS

- ESPECÍFICOS
  - Repoboacións.
  - Coidados dos animais en liberdade e nas granxas.
  - Tarefas de apoio nas xornadas de caza e/ou pesca.
  - Limpeza e despezamento de trofeos.
  - Manexo e conservación de ferramentas de despezamento de carne.
- TRANSVERSAIS
- OCUPACIONAIS

UNIDADE DE COMPETENCIA

11 Preparar as parcelas e realizar os labores de resinación.

MÓDULOS

- ESPECÍFICOS
  - Labores previos á resinación.
  - A extracción da resina.
  - Manexo e conservación das ferramentas de resinación.
  - PRL aplicada ás operacións de resinación.
  - Xestión de residuos derivados do proceso de resinación.
- TRANSVERSAIS
- OCUPACIONAIS

UNIDADE DE COMPETENCIA

12 Coñecer o manexo e preservar a maquinaria dos seus instrumentos de traballo.

MÓDULOS

- ESPECÍFICOS
  - O funcionamento do motor de dous tempos.
  - O mantemento da motoserra e os seus elementos de seguridade.
  - O mantemento da motorrozadora e os seus elementos de seguridade.
  - O mantemento da motoaburatadora e os seus elementos de seguridade.
  - Manexo do extintor de mochila e as ferramentas de extinción de incendios
  - Mantemento das ferramentas de labor e de extinción de incendios.
  - Mantemento das ferramentas universais e de bricolaxe.
  - Xestión de residuos derivados do manexo e mantemento da maquinaria e das ferramentas.
- TRANSVERSAIS
  - Manexo da motorrozadora, motoaburatadora e motoserra lixeira.
  - Manexo das ferramentas manuais de labor.
  - Manexo da ferramenta universal e de bricolaxe.
- OCUPACIONAIS
  - PRL e a súa aplicación ao manexo e mantemento de maquinaria e ferramentas.
  - Primeiros auxilios aplicados ao manexo e ao mantemento de maquinaria e de ferramentas.

OBXECTIVOS MODULARES

UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Preparar o terreo para a reforestación e realizar a plantación ou a sementeira.

MÓDULO FORMATIVO

Labores de preparación do terreo.

OBXECTIVO XERAL

Aprender cales son e como se realizan as operacións previas á plantación e a sementeira.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
Realizar un roza.	Rozando en distintos terreos, con distintas características, manexando a motorrozadora e as ferramentas manuais de roza.
Amorear os restos de roza correctamente por medio da realización de moreas ou cordóns.	Realizando moreas e acordoando os restos vexetais.
Abrir buratos no terreo de forma manual e mecánico-manual.	Realizando buratos no terreo mediante o manexo da motoaburatadora e mediante o uso da ferramenta manual.
Coñecer as características do burato en función de que se semente ou se plante.	Abrindo distintos tipos de buratos no chan previamente ás operacións de plantación e sementeira.
Coñecer as características do burato en función da especie que se vaia a plantar.	Abrindo buratos en plantacións mixtas ou en varias monoespecíficas na que se planten especies distintas.

MÓDULO FORMATIVO

Técnicas de plantación, sementeira e transplante.

OBXECTIVO XERAL

Capacitar o traballador para que saiba realizar as tarefas de sementeira, plantación e transplante.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
Coñecer os métodos e as técnicas de sementeira.	Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
Realizar unha sementeira.	Participando nunha ou varias sementeiras.
Coñecer a disposición da planta no burato e os pasos para a súa implantación en función da especie.	Introducindo a planta no burato na posición adecuada e acomodándoa no terreo.
Coñecer as tarefas e a súa aplicación ao proceso de transplante de pés singulares.	Participando na operación de transplante dun ou varios exemplares.

UNIDADE DE COMPETENCIA

2 Aplicar coidados culturais á masa forestal.

MÓDULO FORMATIVO

Sensibilización ambiental co contorno natural.

OBXECTIVO XERAL

Sensibilizar o traballador da necesidade da combinación da realización das súas tarefas co respecto polo medio que o rodea e todos os seus compoñentes.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
Coñecer todos os factores que compoñen o medio, a concepción de ecosistema.	Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
Coñecer o funcionamento dos ecosistemas e en particular dos ecosistemas forestais.	Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
Coñecer e saber manexar os catálogos de especies protexidas, vexetais e animais.	Manexando catálogos e realizando listaxes das especies que poden aparecer por zonas de traballo.
Coñecer o concepto de xestión sostible do contorno natural.	Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.

MÓDULO FORMATIVO

Dispositivos protectores, fertilización e reposición de faltas nas plantacións.

OBXECTIVO XERAL

Ofrecerlle ao traballador os coñecementos para realizar correctamente as operacións de colocación de protectores, fertilización e reposición de faltas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
Coñecer os distintos tipos de protectores segundo o factor do que se queira protexer a planta.	Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
Colocar correctamente os dispositivos protectores.	Participando nunha plantación na colocación dos protectores.
Coñecer os tipos de fertilizantes e a súa aplicación en función das especies, das idades... das plantas.	Asociando tipos e métodos de fertilizacións a casos prácticos.
Realizar a fertilización.	Executando unha ou varias fertilizacións de diferentes formas.
Aprender a identificar as faltas nas plantacións e substituílas por planta nova.	Distinguindo nunha plantación as faltas e repoñéndoas por planta viva.

MÓDULO FORMATIVO

Desmestados e podas.

OBXECTIVO XERAL

Aplicarlle á masa arbórea os tratamentos de desmestado e de poda.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
Coñecer que é un desmestado e como se realiza.	Participando na execución dun desmestado.

❍ Coñecer os tipos de desmestados en función das especies, as ferramentas, o uso do terreo...	⇨ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
❍ Aprender a podar.	⇨ Realizando varias podas de distintas especies e con distintos fins.
❍ Coñecer os tipos de podas en función das especies e do uso destas.	⇨ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.

❍ Coñecer as ferramentas de poda e saber manexalas correctamente. ð
Utilizando na realización das podas as distintas ferramentas.

MÓDULO FORMATIVO

Pragas e enfermidades forestais.

OBXECTIVO XERAL

Adquirir os coñecementos necesarios sobre pragas e enfermidades forestais para poder identificalas e palialas na medida do posible.

CTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
❍ Coñecer as pragas e as enfermidades máis comúns que afectan ás masas forestais.	⇨ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
❍ Coñecer que condicións, físico-químicas, biolóxicas e meteorolóxicas favorecen a aparición desas pragas e enfermidades.	⇨ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
❍ Coñecer enfermidades e pragas asociadas ás especies ás que afectan.	⇨ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
❍ Identificar as enfermidades e as pragas nas masas.	⇨ Recoñecendo os síntomas e signos que estas producen nas árbores a través de cambios que se detectan visualmente, mediante a observación de masas e árbores afectados.

MÓDULO FORMATIVO

Produtos fitosanitarios e a súa aplicación.

OBXECTIVO XERAL

Capacitar o traballador para a aplicación de tratamentos fitosanitarios ás masas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
❍ Coñecer os produtos fitosanitarios que se utilizan para o tratamento das masas.	⇨ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
❍ Coñecer para que enfermidade ou que praga se utiliza cada produto.	⇨ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
❍ Aplicar o produto.	⇨ Participando na aplicación de tratamentos.
❍ Facer mesturas de produtos	⇨ Preparando as mesturas para as aplicacións.
❍ Calcular as proporcións de produtos nas mesturas e calcular as cantidades por hectárea de aplicación.	⇨ Facendo os cálculos para supostos teóricos ou teórico-prácticos para posibles tratamentos.

❍ Acondicionar a zona de aplicación do tratamento e marcar os pés que haxa que tratar en caso de non estendelo a toda a masa.	⇨ Participando ou realizando o acondicionamento previo dunha zona que se vaia tratar e identificando e marcando os pés afectados para a aplicación.

MÓDULO FORMATIVO

Ferramenta e maquinaria de aplicación, manexo e conservación.

OBXECTIVO XERAL

Dotar o traballador dos coñecementos necesarios para levar a cabo o manexo da maquinaria e ferramentas de aplicación dos tratamentos fitosanitarios e o seu mantemento.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
❍ Coñecer a maquinaria e as ferramentas utilizadas na aplicación dos tratamentos.	⇨ Identificando visualmente os equipos de aplicación cos seus compoñentes.
❍ Manexar a maquinaria e as ferramentas.	⇨ Realizando os traballos de aplicación.
❍ Coñecer os métodos, produtos de limpeza e conservación da maquinaria e das ferramentas.	⇨ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
❍ Limpar e realizar o mantemento básico dos equipos de aplicación.	⇨ Aplicando os produtos de limpeza e as operacións de conservación a cada compoñente do equipo despois da súa utilización.

MÓDULO FORMATIVO

PRL e xestión de residuos aplicadas ao manexo de produtos fitosanitarios.

OBXECTIVO XERAL

Concienciar o traballador da obrigatoriedade do cumprimento da normativa de PRL e da necesidade da conservación do medio ambiente a través da xestión de residuos entre outras accións.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
❍ Coñecer a existencia da Lei de PRL e a obrigatoriedade do seu cumprimento.	⇨ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
❍ Coñecer o EPI indicado para as operacións de manexo de produtos fitosanitarios	⇨ Identificando visualmente os compoñentes do EPI e utilizándoo nas aplicacións.
❍ Coñecer os riscos do manexo de produtos fitosanitarios.	⇨ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
❍ Manexar de forma segura os produtos fitosanitarios.	⇨ Preparando as mesturas e a maquinaria para a aplicación dos produtos.
❍ Coñecer a necesidade da realización da xestión ambiental.	⇨ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
❍ Coñecer que tipo de substancias son os produtos fitosanitarios e como afectan ao medio a súa mala xestión ou a súa falta de xestión.	⇨ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.

❍ Coñecer que tipo de residuos se xeran coa aplicación dos tratamentos de sanidade vexetal e como se catalogan.	⇨ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
❍ Coñecer como se deben xestionar eses residuos derivados desas aplicacións.	⇨ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
❍ Xestionar correctamente os residuos obtidos.	⇨ Recollendo os residuos producidos das aplicacións e proporcionándolles o destino adecuado logo das aplicacións.

UNIDADE DE COMPETENCIA

3 Facer medicións da masa arbórea.

MÓDULO FORMATIVO

Técnicas de mostraxe.

OBXECTIVO XERAL

A adquisición por parte do traballador dos coñecementos e técnicas necesarias para a realización de tomas de mostras.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
❍ Adquirir uns coñecementos básicos estatísticos.	⇨ Realizándolle probas de control teóricas e prácticas ao alumno sobre a materia.
❍ Coñecer que é unha mostraxe e tipos de mostraxes.	⇨ Realizándolle probas de control teóricas e prácticas ao alumno sobre a materia.
❍ Coñecer as aplicacións forestais das mostraxes.	⇨ Realizándolle probas de control teóricas e prácticas ao alumno sobre a materia.
❍ Realizar mostraxes.	⇨ Propoñendo a realización dunha mostraxe a pé de monte.

MÓDULO FORMATIVO

Estimación de alturas e diámetros.

OBXECTIVO XERAL

Ensinar o traballador a medir alturas e diámetros.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
❍ Coñecer os métodos de estimación de alturas.	⇨ Realizándolle probas de control teóricas e prácticas ao alumno sobre a materia.
❍ Coñecer os aparatos para a toma de datos a partir dos cales se estima a altura.	⇨ Identificando visualmente os aparatos de medida e os seus compoñentes.
❍ Manexar os aparatos de estimación de alturas.	⇨ Realizando ou participando na medición da altura de varios pés.
❍ Coñecer o manexo da forcípula.	⇨ Realizándolle probas de control teóricas e prácticas ao alumno sobre a materia.

❍ Medir diámetros coa forcípula.	⇨ Realizando a medida dos diámetros de varios pés.

MÓDULO FORMATIVO

Medición de grosores de cortiza e extracción de barrenas.

OBXECTIVO XERAL

Formar o traballador para que saiba medir o grosor da cortiza dunha árbore e sexa capaz de extraer unha barrena, a partir da cal se pode determinar o seu crecemento entre outros parámetros.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
❍ Coñecer un medidor de cortiza e o seu funcionamento.	⇨ Identificando visualmente o aparato de medida e os seus compoñentes.
❍ Aprender a medir grosores de cortiza.	⇨ Realizando a medición das grosores de cortiza de varias árbores de distintas especies utilizando correctamente o aparato.
❍ Coñecer unha barrena pressler e o seu funcionamento.	⇨ Identificando visualmente o aparato de medida e os seus compoñentes.
❍ Aprender a extraer barrenas.	⇨ Realizando a extracción de varias barrenas en árbores de distintas especies e distintas idades taponando correctamente os orificios de penetración.

UNIDADE DE COMPETENCIA

4 Colaborar nas operacións de aproveitamento.

MÓDULO FORMATIVO

Operacións auxiliares ao proceso de corta.

OBXECTIVO XERAL

Dotar o traballador dos coñecementos necesarios para a realización das tarefas de apoio ao motoserrista durante a execución da corta da árbore.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
❍ Coñecer que é unha entalladura e a súa función durante o proceso de corta.	⇨ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
❍ Retirar a entalladura.	⇨ Golpeándoa co mazo mediante un golpe seco e forte durante a execución dunha corta.
❍ Coñecer o manexo das cuñas.	⇨ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
❍ Orientar as cuñas correctamente.	⇨ Introducindo as cuñas na súa posición adecuada durante a execución dunha corta.

MÓDULO FORMATIVO

Descortizado de fustes e amoreamento de restos.

OBXECTIVO XERAL

Ofrecerlle ao traballador as técnicas suficientes para poder realizar un descortiza-

do e amoreamento de restos correctamente.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
❍ Coñecer as técnicas de descortizado de árbores de distintas especies.	⇨ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
❍ Manexar os instrumentos de descortizado.	⇨ Realizando a separación da cortiza, mediante o instrumento de descortizado, de varios pés de distintas especies correctamente.
❍ Coñecer os métodos de amoreamento de restos.	⇨ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
❍ Aprender a realizar moreas e cordóns cos restos.	⇨ Recollendo a biomasa vexetal e agrupándoa en moreas estables ou acordoándoa en fileiras alternas.

MÓDULO FORMATIVO

PRL aplicada ás operacións auxiliares á corta e ao descortizado e amoreamento de restos.

OBXECTIVO XERAL

Informar o traballador dos riscos aos que está exposto durante a realización das operacións citadas, dos equipos de protección que debe levar posto durante a execución destas e das medidas de seguridade que debe adoptar.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
❍ Coñecer os riscos de exposición no transcurso da realización das súas tarefas.	⇨ Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
❍ Coñecer o EPI que se debe colocar e como debe ir colocado.	⇨ Identificando visualmente cada un dos compoñentes do equipo e colocándoo no sitio e de forma correcta.
❍ Coñecer as precaucións que hai que adoptar nos aproveitamentos durante o proceso de corta.	⇨ Participando nun aproveitamento.
❍ Manexar de modo seguro o instrumento de descortizado.	⇨ Realizando a separación da cortiza, mediante o instrumento de descortizado, de varios pés de distintas especies, manexando este de forma axeitada.
❍ Manter posturas e realizar movementos correctos na configuración das moreas e cordóns.	⇨ Procedendo á elaboración de moreas e cordóns.

UNIDADE DE COMPETENCIA

5 Realizar os labores de mantemento dos sistemas silvipastorais.

MÓDULO FORMATIVO

Funcionamento dos sistemas silvipastorais.

OBXECTIVO XERAL

Coñecer as características dun sistema de aproveitamento de gando e pasto combinados.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
Coñecer que é un sistema silvipastoral e tipos de sistemas.	Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
Coñecer o funcionamento dun sistema silvipastoral.	Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
Coñecer os tipos de gando habituais nestes sistemas e as súas características e coidados.	Realizándolle probas de control teóricas ao alumno sobre a materia.
Coñecer os tipos de pastos, as súas combinacións e incompatibilidades dentro do sistema.	Realizándolle probas de control teóricas e prácticas ao alumno sobre identificación de especies e combinacións destas en función do gando.

MÓDULO FORMATIVO

Mantemento de infraestruturas.

OBXECTIVO XERAL

Dotar o traballador dos coñecementos e das técnicas suficientes para realizar o mantemento das instalacións nun sistema silvipascícola.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
Coñecer as principais instalacións dos sistemas silvipascícolas.	Identificando cada unha delas e a súa función dentro do complexo silvipascícola.
Manter os cercados das parcelas en bo estado.	Participando na reparación dun cercado e dun peche dunha parcela.
Conservar e vixiar os bebedeiros.	Realizando inspeccións periódicas, reparando gretas e limpando os fondos dos bebedeiros.
Calcular o nivel de auga necesaria para manter a carga gandeira.	Inventariando o número de cabezas de gando e coñecendo as necesidades por cabeza.
Conservar os refuxios dos animais.	Realizando revisións periódicas e facendo as reparacións requiridas.

MÓDULO FORMATIVO

Labor nos pasteiros.

OBXECTIVO XERAL

Capacitar o traballador para a realización dos labores de implantación, conservación e recorte do pasto.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
Aprender a sementar e resementar o pasto.	Realizando a sementeira e as resementeiras necesarias na época apropiada.
Fertilizar o pasto.	Aplicando os produtos adecuados seguindo o calendario de operacións.
Regar o pasto.	Realizando a contribución de auga necesaria ao chan para manter o pasto.

❍ Segar o pasto.	⇨ Cortándoo mediante o manexo da segadora.
❍ Agrupar e almacenar o pasto.	⇨ Realizando pacas ou bólas mediante o manexo das máquinas de empacar e embolar e depositándoas nos lugares asignados para isto.

MÓDULO FORMATIVO

Manexo de tractor e apeiros.

OBXECTIVO XERAL

Formar o traballador para que poida, mediante o manexo do tractor e dos apeiros, realizar todas as operacións que sexan necesarias no sistema silvipastoral.

